

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2022/23, e se ditan instrucións para a realización da proba correspondente.

A Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 31 de marzo de 2023, pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2022/23 (DOG núm. 72, do 14 de abril), establece no seu artigo 13 que para elaborar, supervisar e avaliar a proba, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa designará un tribunal composto por un presidente ou unha presidenta, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou inspectores e inspectoras de educación.

De conformidade co establecido no citado artigo 13 e na disposición derradeira primeira da citada Orde do 31 de marzo de 2023, esta dirección xeral

RESOLVE:**Primeiro**

Designar os membros do tribunal que deberán elaborar, supervisar e avaliar a proba para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2022/23 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo

Fixar a data, o horario, os lugares de realización da proba e condicións de presentación das persoas candidatas.

1. A proba realizarase o día 6 de setembro de 2023 de acordo co seguinte horario:

– 9.15 horas, presentación das persoas candidatas.



– 10.00 a 12.00 horas, primeira parte da proba.

– 12.30 a 14.30 horas, segunda parte da proba.

2. Lugares onde se realizará a proba.

Os lugares en que se realizará a proba publicaranse no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

Terceiro. *Presentación das persoas candidatas*

Para a realización da proba as persoas candidatas deberán presentarse no lugar asignado ás 9.15 horas e acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

ANEXO

Tribunal

Titulares:

Presidente: Manuel Enrique Prado Cueva, subdirector xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo.

Vogais:

María Concepción Aramburu Sánchez, inspectora de educación

María Beatriz Plana Galán, inspectora de educación.

Íñigo Barreiro García, inspector de educación.

Roberto Cid Galante, inspector de educación.

José Carlos Barros Pardo, inspector de educación.

Román Latas Calvo, inspector de educación.



Suplentes:

Presidenta: Inmaculada M^a Fernández Teijeiro, subdirectora xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa.

Vogais:

Marina Couñago Enríquez, inspectora de educación.

Marina Armada Vigo, inspectora de educación.

Rubén Vázquez Rodríguez, inspector de educación.

María del Pilar Barandela Sandianes, inspectora de educación.

María Ángeles Aramburu Núñez, inspectora de educación.

María Antonia González Comesaña, inspectora de educación.

